

EDUCAR A TRAVÉS DA ARTE CARA A UNHA ESCOLA IMAXINADA

AULA ABERTA. SEMINARIO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

10 de abril, de 10:00 a 13:00 h

Auditorio do CGAC

Dirixen: Salvador Cidrás e Vicente Blanco



Neste seminario Salvador Cidrás e Vicente Blanco abordarán o seu traballo como promotores do grupo Escola Imaxinada, un colectivo independente e sen ánimo de lucro composto por profesionais do campo das artes, a arquitectura, a filosofía e a educación infantil e primaria, cuxos obxectivos son: achegar ás escolas metodoloxías baseadas nas artes e contribuír ao deseño de espazos e recursos educativos de calidade para a aula.

O seminario divídese en dúas partes. Na primeira presentarase a súa filosofía de traballo baseada en tres aspectos: procesos creativos, estereotipos e educación estética. Na segunda parte amosaranse propostas de obradoiros levadas a cabo con nenas e nenos de infantil e primaria. Son propostas que comparten unha serie de características: inciden na idea de proceso —é dicir, promoven formas de facer abertas, que non buscan un único resultado—, favorecen a creación dun imaxinario e estilo persoal que se aparte de respostas estereotipadas e convencionais, e experimentan con diferentes materiais, técnicas e linguaxes artísticas.

VICENTE BLANCO (Cee, A Coruña, 1974) e SALVADOR CIDRÁS (Vigo, Pontevedra, 1968)

Son artistas plásticos e profesores da área de Expresión Plástica da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo.

Licenciados en Belas Artes pola Universidade de Vigo e doutores (en Belas Artes pola Universidade de Granada e en Humanidades pola USC, respectivamente), desenvolven a súa investigación artística en diferentes medios como o vídeo, o debuxo, a escultura e a instalación. A súa obra expúxose individualmente en museos como o Reina Sofía, o CGAC ou o MUSAC.

Son promotores do grupo de innovación educativa Escola Imaxinada, cuxas propostas se recollen no blog escolaimaxinada.com.

Son así mesmo autores do libro *Educación a través da arte: cara a unha escola imaxinada* (Kalandraka, 2020), en colaboración con Rocío Modia. En 2020 recibiron o Premio Marta Mata de Pedagogía, outorgado pola Asociación de Mestres Rosa Sensat, polo seu traballo *Debuxar o mundo, xogar, crear, compartir*, que será publicado proximamente.

En este seminario Salvador Cidrás y Vicente Blanco abordarán su trabajo como promotores del grupo Escola Imaxinada, un colectivo independiente y sin ánimo de lucro compuesto por profesionales del campo de las artes, la arquitectura, la filosofía y la educación infantil y primaria, cuyos objetivos son: aportar a las escuelas metodologías basadas en las artes y contribuir al diseño de espacios y recursos educativos de calidad para el aula.

El seminario se divide en dos partes. En la primera se presentará su filosofía de trabajo basada en tres aspectos: procesos creativos, estereotipos y educación estética. En la segunda parte se mostrarán propuestas de talleres llevadas a cabo con niñas y niños de infantil y primaria. Son propuestas que comparten una serie de características: inciden en la idea de proceso —es decir, promueven formas de hacer abiertas, que no buscan un único resultado—, favorecen la creación de un imaginario y estilo personal que se aparte de respuestas estereotipadas y convencionales, y experimentan con diferentes materiales, técnicas y lenguajes artísticos.

VICENTE BLANCO (Cee, A Coruña, 1974) e SALVADOR CIDRÁS (Vigo, Pontevedra, 1968)

Son artistas plásticos y profesores del área de Expresión Plástica de la Universidad de Santiago de Compostela en la Facultad de Formación del Profesorado de Lugo.

Licenciados en Bellas Artes por la Universidad de Vigo y doctores (en Bellas Artes por la Universidad de Granada y en Humanidades por la USC, respectivamente), desarrollan su investigación artística en diferentes medios como el vídeo, el dibujo, la escultura y la instalación. Su obra se ha expuesto individualmente en museos como el Reina Sofía, el CGAC o el MUSAC.

Son promotores del grupo de innovación educativa Escola Imaxinada, cuyas propuestas se recogen en el blog escolaimaxinada.com.

Son asimismo autores del libro *Educación a través da arte: cara a unha escola imaxinada* (Kalandraka, 2020), en colaboración con Rocío Modia. En 2020 recibieron el Premio Marta Mata de Pedagogía, otorgado por la Asociación de Mestres Rosa Sensat, por su trabajo *Debuxar o mundo, xogar, crear, compartir*, que será publicado proximamente.

PERSOAS DESTINATARIAS: O seminario está dirixido principalmente a estudantes de Ciencias da Educación e mestres e mestras de educación infantil e primaria.

INSCRIPCIÓN: Aquelas persoas que desexen participar poderán inscribirse até o 7 de abril enviando unha mensaxe electrónica a cgac.actividades@xunta.gal, na que se deberán incluír os seguintes datos: nome e apelidos, DNI, estudos ou área de traballo, un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. As prazas cubriranse por orde de inscrición e cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación.

No caso de que queden prazas libres unha vez finalizado o prazo de inscrición, as persoas que desexen asistir poderán solicitarlo por teléfono o día de inicio do seminario, chamando ao número 981 546 619.

PRAZAS: 60

MATRÍCULA: De balde

CONCEPCIÓN E COORDINACIÓN: Natalia Poncela

COORDINACIÓN CGAC: Gema Baños

PERSONAS DESTINATARIAS: El seminario está dirigido principalmente a estudiantes de Ciencias de la Educación y maestros y maestras de educación infantil y primaria.

INSCRIPCIÓN: Aquellas personas que deseen participar podrán inscribirse hasta el 7 de abril enviando un correo electrónico a cgac.actividades@xunta.gal, en el que deberán incluir los siguientes datos: nombre y apellidos, DNI, estudios o área de trabajo, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción y cada solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación.

En el caso de que queden plazas libres una vez finalizado el plazo de inscripción, las personas que deseen asistir podrán solicitarlo por teléfono el día de inicio del seminario, llamando al número 981 546 619.

PLAZAS: 60

MATRÍCULA: Gratuita

CONCEPCIÓN Y COORDINACIÓN: Natalia Poncela

COORDINACIÓN CGAC: Gema Baños

CGAC

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631/02

cgac.pedagogia@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

 galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA